WIKIPEDIA

Lingua silesiana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **silesiano**[1] ou **alto silesiano** (Silesiano: *Ślůnsko godka*, Polaco: *Język śląski*) é a lingua étnica de Silesia falada polo pobo silesiano.

Silesiano ***ślōnskŏ gŏdka*** ***ślůnsko godka***	
Outros nomes:	Polaco
Falado en:	Polonia
Rexións:	Silesia
Total de falantes:	510 000 (censo de 2011)
Familia:	Indoeuropea Balto-eslava Eslava Eslavo occidental Lequítica **Silesiano**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	`szl (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=szl)`

Índice

Distribución

En xeral, os falantes do idioma silesiano moran na rexión de Alta Silesia, situada entre o suroeste de Polonia e o nordeste da República Checa. Actualmente, o silesiano é falado frecuentemente na área entre a fronteira histórica de Silesia no este, e unha liña de Syców ata Prudnik no oeste, así coma na área de Rawicz (Khazaks). Ata o ano 1945 o silesiano foi falado tamén en enclaves de Baixa Silesia, coma o baixo silesiano foi falado pola maioría étnica alemá naquela rexión.

De acordo co último censo en Polonia (2011), arredor de 509 000[2] persoas declararon que o silesiano era a súa lingua principal, e aproximadamente 0,2 millóns declaráronse de nacionalidade silesiana. Porén, o número total de falantes do silesiano (a maioría dos cales non o consideran coma unha lingua separada) supera os dous millóns. Tamén hai arredor de 100.000 falantes do dialecto checo silesiano.

Alfabeto

O alfabeto silesiano escríbese con 32 letras do alfabeto latino:

a	b	c	ć	č	d	e	f	g	h	i	j	k	l	m	n	ń	o	p	r	ř	s	ś	š	t	u	ů	w	y	z	ź	ž
A	B	C	Ć	Č	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	Ń	O	P	R	Ř	S	Ś	Š	T	U	Ů	W	Y	Z	Ź	Ž

Úsanse tamén catro dígrafos: ch, dz, dź, dž.

Exemplo

O Pai Noso en silesiano, polaco e checo

Silesiano

Uojćec naš, keryś je w ńebjy,
bydź poświjyncůne mjano Twojy.
Přidź krůlestwo Twojy.
Bydź wola Twoja, kjej we ńebje,
tak tyž na źymjy.
Chlyb naš každodźynny dej nům dźśoj.

A uodpuść nům naše winy,
kjej my uodpuščůmy našym winńikům.
A ńe wůdź nos na pokušyńi,
nale zbow nos uod zuego.
Bo Twůje je krůlestwo a můc,
a suawa na wjeki. Amyn.

Polaco

Ojcze nasz, któryś jest w niebie,
święć się imię Twoje,
przyjdź królestwo Twoje,
bądź wola Twoja jako w niebie tak i na ziemi.
Chleba naszego powszedniego daj nam dzisiaj.

I odpuść nam nasze winy,
jak i my odpuszczamy naszym winowajcom.
I nie wódź nas na pokuszenie,
ale zbaw nas ode złego. Amen.

Checo

Otče náš, jenž jsi na nebesích,
posvěť se jméno Tvé
Přijď království Tvé.
Buď vůle Tvá, jako v nebi, tak i na zemi.
Chléb náš vezdejší dej nám dnes

A odpusť nám naše viny,
jako i my odpouštíme naším viníkům
a neuveď nás v pokušení,
ale zbav nás od zlého. Amyn.

Dialecto ou lingua?

Hai distintas opinións acerca de se o silesiano é un dialecto do polaco ou un idioma. Algúns silesianos considéranse unha minoría étnica en Polonia.

Se o clasificamos como dialecto, este é o máis prominente dialecto rexional da lingua polaca. Pola contra, se o clasificamos coma lingua, vemos que está intimamente relacionado coas linguas polaca e checa, con certas influencias do alemán.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/silesiano) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/silesiano) para *silesiano*.
2. Narodowy Spis Powszechny Ludności i Mieszkań 2011. Raport z wyników (https://web.archive.org/web/20121221235509/http://www.stat.gov.pl/cps/rde/xbcr/gus/LUD_raport_z_wynikow_NSP2011.pdf) - Central Statistical Office of Poland

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Pů našymu - djalykt ślůnski kodyfikowůny (https://web.archive.org/web/20170930125643/http://www.punasymu.com/)
- Slonsko Lauba (http://www.slonzoki.de)
- Texto falado en silesiano (https://web.archive.org/web/20090202132310/http://dyktando.org/?id=dyktando2007)



O Galilibros ten un manual sobre: ***Lingua silesiana***



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua silesiana***